

Aeroporto de Vigo

Servizo de asistencia
a persoas con mobilidade
reducida

Servizo gratuíto



Servizo de asistencia a persoas con minusvalía ou mobilidade reducida nos aeroportos españois

En cumprimento do Regulamento (CE) 1107/2006 do Parlamento Europeo, ponse en marcha a partir do 26 de xullo de 2008 en todos os aeroportos europeos un servizo de atención aos pasaxeiros con mobilidade reducida.

Esta medida comunitaria supón un grande avance social para as persoas con discapacidade e por esta razón dispuxéronse todos os recursos económicos, materiais e humanos necesarios para facer posible que en todos os aeroportos españois se preste un servizo de calidade que garanta que todas as persoas poidan gozar do transporte aéreo entre calquera punto da xeografía europea, sexa cal sexa a súa discapacidade.

Diferentes minusvalías

● WCHC

Pasaxeiros privados de calquera mobilidade e non autosuficientes. Deben ser acompañados ao seu asento e necesitan axuda persoal completa. Se a viaxe dura máis de tres horas, necesitan acompañante.

● WCHR

Pasaxeiros que necesitan axuda durante o traslado entre a aeronave e a terminal, autosuficientes para embarcar e desprazarse dentro da aeronave.

● WCHS

Pasaxeiros que necesitan axuda entre a aeronave e a terminal e tamén para embarcar, autosuficientes dentro da aeronave.

● DEAF

Pasaxeiros xordos.

● BLND


Pasaxeiros con minusvalías visuais.

Que pasos debe seguir?

1 Solicíteo

Polo menos con 48 horas de antelación* e:

- Necesariamente ao facer a súa reserva ou adquirir o seu billete a través da súa axente de viaxes ou compañía aérea.
- Adicionalmente, e de maneira opcional, válido exclusivamente para a asistencia nos aeroportos españois da rede de Aena, a través dos teléfonos 902 404 704 e (+34) 91 321 10 00, na nosa web (www.aena.es) ou na *app* oficial de Aena.



2 Acuda ao punto de encontro

Á hora acordada. Se non se fixou hora ningunha, como mínimo dúas horas antes da hora de saída programada*. Avise da súa chegada polo intercomunicador e espere; alí recollerémolo. Pode ver a localización dos puntos de encontro na nosa web: www.aena.es



3 Facturación e embarque

Será atendido e acompañado durante o proceso de facturación e nos controis de seguridade, ata o seu asento no avión; axudarémolle coa súa equipaxe e axudas persoais.



4 Chegada ao seu destino

Axudarémolo a desembarcar e a recoller a súa equipaxe. Despois acompañarémolo ao punto de encontro do aeroporto que vostede decida.

5 Ao finalizar o servizo

Agradecerémolle que colabore na súa valoración se o persoal llo pide. Se algo non fose do seu agrado, comuníquello a sinbarreras@aena.es.

Situación no aeroporto



Punto de encontro PMR*



Zona de acceso restrinxido



Zona de acceso libre



*PMR: Persoa con mobilidade reducida ou discapacidade.

Para información
902 404 704
(+34) 91 321 10 00

Co asesoramento de

